Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Distintivo de Igualdade
Centro certificado FIDES-AUDIT
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Acta da Comisión Permanente do día 1 de outubro de 2025

Anexos:

I. Convocatoria da Comisión Permanente do 01/10/2025
II. Asistentes á Comisión Permanente do 01/10/2025
III. Preselección de profesorado, por áreas, para o nomeamento dos tribunais de TFG nas diferentes convocatorias do curso 2025/2026
IV. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 10 de setembro de 2025.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión.

2. Aprobación da preselección de profesorado, por áreas, para o nomeamento dos tribunais de TFG nas diferentes convocatorias do curso académico 2025/2026.

A Presidenta sinala que, en virtude do Artigo 18 (Título 5) do novo Regulamento do Traballo de Fin de Grao do centro, aprobado na Xunta de Escola do 19/06/2024, ao inicio de cada curso debe elixirse, por sorteo e seguindo o procedemento fixado, unha preselección de profesorado, por áreas de coñecemento, para o nomeamento dos tribunais de TFG nas diferentes convocatorias do curso. Cede a palabra a Francisco Deive, Coordinador da materia TFG do GEE, quen sinala que traballou en colaboración con Iria Feijoo, Coordinadora da materia TFG do GERME. Indica que fixeron o sorteo por áreas de coñecemento intentando que o profesorado non repita, aínda que nalgunhas áreas non se pode garantir. Finalmente amosa e comenta a listaxe achegada con antelación (ANEXO III), aclara a selección das áreas e propón a súa aprobación. Indica que xa se notificou por *email* ao profesorado seleccionado e non consta ningún problema salvo algunhas restricións puntuais e que a intención e que, de ser posible, o profesorado só teña que actuar nunha das convocatorias de TFG do curso.

A Comisión aproba a proposta por asentimento.

A Presidenta agradece a Francisco Deive e Iria Feijoo o traballo realizado.

3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.

A Presidenta cede a palabra a Francisco Deive, Coordinador da materia TFG do GEE, quen sinala que se achegaron 3 solicitudes correspondentes ao GEE e 1 ao GERME, que cumpren os requisitos para defensa do TFG; amosa e comenta a proposta de tribunais e a súa adaptación ás temáticas dos traballos (Anexo IV) e aclara que conta coa conformidade dos membros.

A Comisión aproba por asentimento a proposta de tribunais.

Agradece o seu traballo a Francisco Deive e Iria Feijóo e aos membros dos tribunais a súa colaboración.

4. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai.

5. **Nomeamento, se procede, do tribunal de Premios Extraordinarios Fin de Grao correspondentes ao curso 2024/2025, para os graos impartidos nesta Escola.**

A Presidenta propón a seguinte composición dos tribunais, mantendo o criterio dos cursos anteriores:

- Presidenta: Elena Alonso Prieto (directora do centro)
- Secretario: Guillermo García Lomba (secretario do centro)
- Vocal tribunal GEE: Francisco Deive Herva (coordinador da titulación)
- Vocal tribunal GERME: Iria Feijóo Vázquez(coordinadora da titulación).

Apróbase a proposta por asentimento.

6. **Rogos e preguntas.**

Javier Vijande pregunta sobre o estado do cambio da PDA das titulacións de grao do centro. A Presidenta responde que a solicitude de aumento grupos do primeiro curso foi aprobada na Comisión Permanente do 10 de setembro, pero non foi aprobada na COAP ata o 30 de setembro. Engade que xa se enviou un *email* do centro aos departamentos afectados comunicando a aprobación oficial do cambio e indicando os horarios dos novos grupos.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a un de outubro de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace
A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 01/10/2025

Universidade Vigo

Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 1 de outubro de 2025, ás 12:30 h en primeira convocatoria e as 13:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 10 de setembro de 2025.
2. Aprobación da preselección de profesorado, por áreas, para o nomeamento dos tribunais de TFG nas diferentes convocatorias do curso académico 2025/2026.
3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.
4. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
5. Nomeamento, se procede, do tribunal de Premios Extraordinarios Fin de Grao correspondentes ao curso 2024/2025, para os graos impartidos nesta Escola.
6. Rogos e preguntas.

Vigo, 24 de setembro de 2025
O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) ***Indicacións:*** *acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa contrasinal* lDLD6QsL *(ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.*

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA

Código seguro de Verificación : GEN-e986-61ba-4170-a036-2a14-65df-8275-f89c | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

CSV : GEN-e986-61ba-4170-a036-2a14-65df-8275-f89c
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 24/09/2025 12:14 | NOTAS : F

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 01/10/2025

Asistentes á Comisión Permanente do 1 de outubro de 2025
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
Francisco Deive Herva
Profesorado
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Eduardo Giráldez Pérez
Beatriz Guitián Saco
Javier Vijande López
Estudantes
Romina Pacini
Belén Parente Artime
PAS
Mª Carmen Romo Pérez

ANEXO III

Preselección de profesorado, por áreas, para o nomeamento dos tribunais de TFG nas diferentes convocatorias do curso 2025/2026

ANEXO IV

Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta convocatoria